

SHINE! DO YOU MIND?

Montse Rego

Partimos dun contexto.

Un contexto onde o sector da produción cultural atópase inmerso nunha crise económica profunda, pero ó mesmo tempo exterioriza unha debacle autónoma en canto a metodoloxías e sistemas de xestión, que fan do noso mercado da arte contemporánea unha burbulla que discorre á marxe dunha sociedade á beira do abismo.

Para darlle máis énfase a esta situación dramática, a produción cultural non xerou un sector propio, senón que son sectores precarios que alternan a condición de traballadores creativos con outros sectores. Ademais, agora se empurra á disgregación/atomización do traballo (autónomo, freelance) co grado de soidade, individualismo/competitividade que implica.

Precisamos novas fórmulas.

A capacidade de pensamento e acción debe repensarse en novos formatos que escapan de disciplinas e identidades fixas (na produción, na investigación, na pedagogía, na exhibición e na comunicación). Propostas de produción artística e cultural que se desenrolen a través de novas formas de facer así coma da reactivación crítica de outras do pasado. A arte comeza a atopar plataformas de supervivencia en espazos alternativos de colaboración entre creadores e técnicos, espazo de intercambio de información, contactos, problematización, creación/experimentación. E todo elo enmarcado na busca de novos paradigmas de acción pública, política e de transformación social radical da estrutura social capitalista.

Por outro lado é importante a reflexión/revisión permanente sobre a relación coas institucións, máis nun país como España que ten unha arte que vai da man destes mecanismos, estatais na súa maior parte. Correríamos en caso contrario o perigo de xerar conceptos/experiencias baleiras/románticas ata contraditorias/incoherentes. A chave está no proceso, na preservación da súa autonomía, eludindo mecanismos ríxidos, debendo ser procesos vivos que se reconvirían y reinventen día a día.

Neste nervioso caldo de cultivo, a nosa tarefa –como artistas, xestores, críticos, profesores e estudantes– consiste en reanimar a imaxinación social, sometida pola máquina publicitaria e limitada polo dogma económico. Convidamos ós artistas a imaxinar un futuro libre do dogma da época escurantista da especulación financeira.

E é neste momento socialmente significativo, cando **Montse Rego** realiza un punto de inflexión na súa traxectoria artística. Na cidade onde reside, e na que expuxo en múltiples ocasións, a súa obra vólvese espacial, efémera, ó mesmo tempo que desata un forte contido crítico. O carácter de instalación é unha parte constitutiva da mesma e fai referencia á natureza específica do vínculo entre un plantexamento efémero de intervención e unha proposta estática.

Presenza, temporalidade, espazo e experiencia conflúen en **Shine!Do you mind?**, onde o xesto da artista luguesa rexistra unha voz analítica, adoptando unha linguaxe urbana e colectiva. A materia artículase texto, e a palabra preséntase coma materia dúctil e corpórea, que invade as paredes do espazo. Os muros dótanse dun discurso crítico cara o mercado da arte; uns muros que, a súa vez, son contedor das fórmulas de dito sistema.

A.dFuga convértese temporalmente, a través da intervención espacial e específica, nun axente de identificación, recoñecéndose e recoñecendo o seu contexto, transformándose nun lugar para situar parámetros conceptuais que propoñen un discurso cómplice cando Montse Rego o reinterpreta.

Paula Cabaleiro
comisaria

SHINE! DO YOU MIND?

Montse Rego

Partimos de un contexto.

Un contexto donde el sector de producción cultural se haya inmerso en una crisis económica profunda, pero al mismo tiempo exterioriza un debacle autónomo en cuanto a metodologías y sistemas de gestión, que hacen de nuestro mercado del arte contemporáneo una burbuja que discurre al margen de una sociedad al borde del abismo.

Para enfatizar más esta situación dramática, la producción cultural no ha generado un sector propio, sino que son sectores precarios que alternan la condición de trabajadores creativos con otros sectores. Además ahora se empuja a la disgregación/atomización del trabajo (autónomo, freelance) con el grado de soledad, individualismo/competitividad que implica.

Necesitamos nuevas fórmulas.

La capacidad de pensamiento y acción debe repensarse en nuevos formatos que escapan de disciplinas e identidades fijas (en la producción, la investigación, la pedagogía, la exhibición y la comunicación). Propuestas de producción artística y cultural que se desarrollen a través de nuevas formas de hacer así como de la reactivación crítica de otras del pasado. El arte comienza a encontrar plataformas de supervivencia es espacios alternativos de colaboración entre creadores y técnicos, espacio de intercambio de información, contactos, problematización, creación/experimentación. Y todo ello enmarcado en la búsqueda de nuevos paradigmas de acción pública, política y de transformación social radical de la estructura social capitalista.

Por otro lado es importante la reflexión/revisión permanente sobre la relación con las instituciones, más en un país como España cuyo arte va de la mano de estos mecanismos, estatales en su mayor parte. Correríamos en caso contrario el peligro de generar conceptos/experiencias vacías/románticas incluso contradictorias/incoherentes. La clave está en el proceso, en la preservación de su autonomía, evitando mecanismos rígidos, deben ser procesos vivos que se recombinen y reinventen día a día.

En este nervioso caldo de cultivo, nuestra tarea –como artistas, gestores, críticos, profesores y estudiantes– consiste en reanimar la imaginación social, subyugada por la máquina publicitaria y limitada por el dogma económico. Invitamos a los artistas a imaginar un futuro libre del dogma de la época oscurantista de la especulación financiera.

Y es en este momento socialmente significativo, cuando **Montse Rego** realiza un punto de inflexión en su trayectoria artística. En la ciudad donde reside, y en la que ha expuesto en múltiples ocasiones, su obra se vuelve espacial, efímera, al mismo tiempo que desata un fuerte contenido crítico. El carácter de instalación es una parte constitutiva de la misma y hace referencia a la naturaleza específica del vínculo entre un planteamiento efímero de intervención y una propuesta estática.

Presencia, temporalidad, espacio y experiencia confluyen en **Shine!Do you mind?**, donde el gesto de la artista luguesa registra una voz analítica, adoptando un lenguaje urbano y colectivo. La materia se articula texto, y la palabra se presenta como materia dúctil y corpórea, que invade las paredes del espacio. Los muros se dotan de un discurso crítico hacia el mercado del arte; unos muros que, a su vez, son contenedor de las fórmulas de dicho sistema.

A.dFuga se convierte temporalmente, a través de la intervención espacial y específica, en un agente de identificación, reconociéndose y reconociendo su contexto, transformándose en un lugar para ubicar parámetros conceptuales que proponen un discurso cómplice cuando Montse Rego lo reinterpreta.

Paula Cabaleiro
comisaria